

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica
<http://www.frontespo.org>

Localidad: Castromil (Hermisende). Zamora

Identificador de la grabación: ESZA27003-000

Fecha de la entrevista: 26/02/2016

Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo

Informantes: Nemesio González, Ascensión Nieto

Versión de la transcripción: 1

Revisada: No

Licencia de uso CC BY-SA 4.0

Entr. 1 (DRL) E... como era a vida... aquí hai anos, como | na súa infancia como, como, como era aquí?

Inf. 1 (NG) Ah, pois... eiquí había unha épo- | cuando éramos nenos, o sea, nenos mal | unha palabra mal dita -non?-, cuando éramos meniños, porque nenos é en galego, non?

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) E aquí como din?

Inf. 1 (NG) Meniños.

Inf. 2 (AN) Meniños.

Entr. 1 (DRL) Meniños.

Inf. 1 (NG) Meniños.

Entr. 1 (DRL) E en Hermisende, meninos.

Inf. 2 (AN) Meninos.

Inf. 1 (NG) Meninos, si.

Entr. 1 (DRL) [Riso] Si, é.

Inf. 1 (NG) Eiquí éche | son meni- | somos meni- | va, é | a palabra é meniños.

Entr. 1 (DRL) Meniños.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Bueno, pois xa sabes, os primeiros anos, ir cos pais, para onde iban os pais tiñas que ir ti | tu -entendes?-, porque non había onde deixalos.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Eu, por e[x]emplo, meu pai, miña mai iban á seitura, e eu con dous anos iba eu con eles a segar, deitábanme nunha manta, a min e a miña irmá, que te- | somos tres irmaos, miña irmá, eu lévolle dous anos e medio, e íbamos con eles xa para o monte.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Se iban a sembrar patatas, íbamos con eles, se iban a segar herba, á mañá iba meu pai solo -non?-, pero á tarde había que ir co carro ou coas vacas, unha parexa de vacas, a buscar aquel carriño de herba, e había que ir con elas... sabes?

Inf. 1 (NG) Despois xa... as comidas eran o que había na casa, non... non, non había outra cousa, o... caldo, patatas... con... con bacalao, que era o que máis se usaba entonces, que era comida dos pobres, e agora é a dos ricos.

Entr. 1 (DRL) [Riso] Agora é caro o bacallao, é, é caro.

Inf. 1 (NG) Agora é caro, entonces... [TranscrDubidosa] | antes era máis, máis barato.

Inf. 2 (AN) Si, agora, agora é caro, si.

Entr. 1 (DRL) E ese bacallao viña de Portugal, traíase de alá?

Inf. 1 (NG) Viña muto de Portugal, si.

Inf. 2 (AN) Muto, si.

Inf. 1 (NG) E despois xa, pois... viña os Reis e non... | e [x]uguete non había ningún.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Eu acórdome que os, os xoguete- | os [x]uguetes que tiña eu cuando era pequeno era unha gra-... | non ves que as tapas das sardiñas | quítaselle unha ta-, unha tapa, redonda, unhas latas de sardiñas que había grandes, que tamén se comían muto.

Inf. 2 (AN) Si, si.

Inf. 1 (NG) Furabamos a lata cun pau e era o [x]uguete que tiñamos, rulando pola calle... -sabes?- non había outra cousa.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Despois xa ir á escola e... empezabamos con sete anos, me parece, verdai?

Inf. 2 (AN) Si, seis, seis, sete, si.

Inf. 1 (NG) Non é como agora que iba- | que aos dous anos xa van.

Inf. 1 (NG) E... vir da escola e ir a buscar as vacas, ao monte, e unha vez meu pai, miña, miña mai, mandáronme polas vacas e eu non encontrei o prado, mira como sería de grande.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Vin para a casa, esperei que fora de noute para chegar | para, para vir para a casa.

Inf. 1 (NG) Despois xa miña mai "E logo as vacas, meniños?", "Eu as vacas, non achei o prado".

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Ti mira co- | mira que vidas, eh.

Inf. 1 (NG) E así, era así a vida, e...

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Meu pai levantábase ás catro da mañá a acomodar as vacas.

Entr. 1 (DRL) Ás catro da mañá.

Inf. 1 (NG) Mutos días, si.

Inf. 2 (AN) Si, na semen- | eso era na sementeira do centeo, na sementeira do centeo, cuando madrugaban tanto, si.

Entr. 1 (DRL) [xxx] noite pechada.

Inf. 1 (NG) Porque había, había que... darlle de comer ás vacas, para xunxilas... pa- | había que xun- | arábase con vacas, non?

Inf. 1 (NG) E iba toda a mañá a arar, ou a apañar esterco, cun carro... e... para | era o que había.

Inf. 1 (NG) Despois xa da seitura, recollíase o pan... mallábase, acórdome a mallar cunhas máquinas | antes en | eu xa non acordo o mallo -sabes?-, an-, antes mallábase... co | con mallo, eu xa non o acordo, por pouco.

Inf. 2 (AN) Falábannolo os nosos pais, do mallo, si.

Entr. 1 (DRL) O mallo era aquel... que ten un pau longo e outro máis pequeno...

Inf. 1 (NG) A golpes.

Inf. 2 (AN) A golpes.

Inf. 1 (NG) Si.

Inf. 1 (NG) Si.

Inf. 2 (AN) A golpes.

Inf. 1 (NG) Pero eu xa o | xa cuando nós saímos xa eran máquinas de | con motor a gas-, a gasolina, motores... dun tempo solo serían.

Inf. 1 (NG) E desgranaba o grao, as mulleres espallaban a palla e os, e os homes... apañaban a... | facer | chamábanlle os palleiros... -sabes?- onde se almacenaba a palla para todo o inverno, e non tuveras medo, que non se pudría.

Inf. 2 (AN) Apañaban.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (AN) Eran xa especialistas en facer o palleiro, sempre eran dous homes especialistas neso, entonces colmaban.

Inf. 1 (NG) Colmábana cun... |

Inf. 1 (NG) Colmaban o palleiro con | coa mi- | coa propia palla...

Entr. 1 (DRL) Ah, non era, non era calquera, é dicir, había xente que...

Inf. 2 (AN) Non, non, non, non valía calquera, xa eran especializados neso, que sabían ben facer eso.

Inf. 1 (NG) Non, había dous, dous ou cuatro que sabían...

Inf. 1 (NG) E aquelas obras, outra xente bebía viño amargo, e a aqueles dábanlle viño dulce... sabes?

Entr. 1 (DRL) Aos que facían aquel traballo.

Inf. 2 (AN) Os palleireiros, chamábanlle os palleireiros.

Entr. 1 (DRL) Palleireiros, [Riso], si, señor.

Inf. 1 (NG) Palleireiros.

Inf. 1 (NG) E muta xente, claro... o viño dulce, xa sabes, escapábaselle as | e muta xente aparecía borracha, [Riso] a | ao cabo do día.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 2 (AN) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Despois xa o grao recollíase, porque eiquí as porcas parían os lareguiños e había que criar aqueles laregos para o outro ano seguinte.

Entr. 1 (DRL) Laregos son... ?

Inf. 2 (AN) Os porquiños, os laregos... |

Inf. 1 (NG) Os |

Entr. 1 (DRL) Porco pequeno, a cría, a cría do porco.

Inf. 2 (AN) Eso.

Inf. 1 (NG) Porco pequeno... si, o lechón.

Inf. 2 (AN) Por- | lechón, que aí lle chamas un lechón, eso.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Claro.

Entr. 1 (DRL) Vale.

Inf. 2 (AN) Criábase, para aí, e para o ano seguinte teremos que cebar [xxx].

Inf. 1 (NG) E... despois xa o grao, o que era centeo, moíase, íbase a... a un muíño que lle chamamos aquí abaixo a Requeixada, un muíño de agua... que había que ir cun burro.